

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA SETE DE AGOSTO DE 2007, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretaria accidental D^a. MERCEDES PEREIRAS CALDELAS

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e dez minutos do día sete de agosto de dous mil sete, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a trata-los asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día dezanove de xullo do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 1.250/07 de don Manuel González Rey

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerre con base de bloques, postes e arame, dunha lonxitude aproximada de 220 mts, no lugar de Marzán de Arriba, en solo de núcleo rural (N1).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerre será de 6,00 mts de distancia dende o eixe da vía; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio

rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento respecto do fronte será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento trinta e seis euros con oitenta e oito céntimos (#136,88#)

2.2.- Instancia num. 1.38007 de don Manuel José Prado Suárez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Mataró (Barcelona), solicita licenza para a construción dun cerre con base de bloques, postes e arame, de aproximadamente 130 mts de lonxitude, no lugar de Paizás, en solo de expansión de núcleo rural (N2)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerre será de 6,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo de fábrica irá revestido e pintado de maneira que quede perfectamente rematado. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta euros con oitenta e nove céntimos (#80,89#).

2.3.- Instancia num. 454/07 de don Jesús López Ferradans

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Sete - Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda, consistente na reparación da cuberta, para o que solicitou subvención á Xunta

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo axustar as obras ás seguintes condicións: non se modificará o volume actual da edificación; non afectarán á estrutura da mesma e non alterarán a tipoloxía da cuberta existente, debendo manter tanto a altura da cornixa coma a do cumio, así como as pendentes dos faldrons. Ademais en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a tella será cerámica.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo

liquidación provisional, á cantidade de cento cincuenta e nove euros con cincuenta e tres céntimos (#159,53#)

2.4.- Instancia num. 1.373/07 de don Carlos Tacón Rodríguez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para o cerre da parcela con pedra porriño, dunha lonxitude aproximada de 26 mts , no lugar de Tomonde, en solo de núcleo rural (NN).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: a distancia mínima para o cerre será de 4,00 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discurrir das augas; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; o cerre non cumprirá os requisitos do artigo 104 de adaptación ó ambiente da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, posto que a pedra porriño non se considera característica de zona nin axustada ás condicións do entorno inmediato polo que o tipo de pedra debe ser a propia da zona. Ademais a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de vinte euros con trinta e catro céntimos (#20,34#).

2.5.- Instancia num. 1.412/07 de dona Dolores V. Cao Collazo

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Laraño-San Xián de Sales, solicita licenza para a rehabilitación da súa vivenda , consistente na mellora da instalación eléctrica da casa e outras, para o que solicitou subvención á Xunta de Galicia.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse á memoria remitida ó Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de oitenta e seis euros (#86,00#).

2.6.- Instancia num. 1.277/07 de don José Luís Cea Rendo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Vedra, solicita licenza para a construción dun cerre con pedra, de aproximadamente 9,5 mts de lonxitude, no lugar de Pousada de Abaixo, en solo de expansión de núcleo rural (N2).

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes

condicións: a distancia mínima para o cerre será de 10,50 mts de distancia dende o eixe do vial; garantirase o natural discorrer das augas ; respectaranse os lindes con outros propietarios, de ser o caso; en cumprimento da lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, a pedra será do país, e a altura máxima total do cerre será de 1,50 mts.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezaioito euros con tres céntimos (#18,03#)

2.7.- Instancia num. 1409/07 de dona Celsa Iglesias Martínez e don Celso Calviño Cernadas

Dáse conta da citada instancia na que os interesados, con domicilio en San Fins de Sales, solicitan licenza para a construción dunha vivenda unifamiliar no lugar de Texo, en solo de núcleo rural (N1) segundo o PXOM, cunha ocupación máxima inferior ó 20% da parcela neta; num. plantas B+1. Altura máxima da cornixa menor a 7,00 mts e un coeficiente máximo de 0,30 m² de superficie edificable baixo teito por cada m² de parcela neta, segundo o proxecto presentado redactado polo arquitecto don José Arrojo Lois cun orzamento de 79.896,00 euros.

O prazo para o inicio das obras será de seis meses e de tres anos para o seu remate dende a data da concesión da licenza debendo presentar ante do comezo das obras a seguinte documentación: oficio de dirección de obra de aparelador e plano de cesión de viario ó Concello coa finalidade de cumprir cos requisitos do artigo 171 da Lei 9/2002, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia. As obras ademais axustaranse as seguintes condicións: construírse de acordo co proxecto presentado e en cumprimento do artigo 29 da lei 9/2002, deberá dotar a finca de abastecemento de auga de maneira que se garanta a execución deste e do sistema de eliminación de augas residuais de forma simultánea coa edificación, estando a licenza de primeira ocupación condicionada ó seu correcto funcionamento, debendo solicitar a prepectiva autorización de Augas de Galicia. Así mesmo deberase colocar un cartel indicador no que se fagan constar os datos dos técnicos directores e contratista; ordenanza que se aplica; destino da construción, data da licenza; prazo de execución das obras; número de plantas autorizadas e número de expediente.

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de mil cincocentos noventa e sete euros con noventa e dous céntimos (#1.597,92#).

2.8.- Instancia num. 834/07 de don Manuel Junquera Pardo

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Viño grande (Illobre) solicita licenza para parcelación de finca, situada no mencionado lugar de Viño grande, en solo cualificado polo Plan Xeral de

Ordenación Municipal como Solo de Núcleo Rural (ordenanza N1), de acordo co proxecto técnico presentado asinado por don Javier Rodríguez Penelas e dona Elda Seijo Amieiro en calidade de Arquitectos e con data de visado 17/04/2007, expte: P0070629.

A Xunta de Goberno Local, á vista do informe favorable dos servizos técnicos municipais, acorda concederlle a licenza para parcelación da finca descrita no proxecto mencionado, sita no lugar de Viño grande da parroquia de Illobre, nos termos do proxecto presentado, non surtindo consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento das taxas correspondentes que ascenden á cantidade de 120,00 euros.

3º.- Facturas varias

Dáse conta das seguintes facturas:

Quilometraxe do Sr. Alcalde, don Odón C. Cobas, por xestións varias en xullo. Importe 147,22 euros

Quilometraxe da funcionaria dona María Canedo do mes de xullo. Importe 6,72 euros

Quilometraxe da educadora familiar do mes de xullo. Importe 31,50 euros

Quilometraxe da traballora dona M^a: Montserrat de la Fuente do mes de xullo. Importe 68,43 euros

Gastos de chamadas de traballo realizadas pola monitora dona Graciela Gestoso co seu móbil particular dos meses de febreiro a xuño. Importe 17,31 euros

Fondo social da funcionaria Mercedes Pereiras (odontoloxía). Importe 114,00 euros

Indemnización, por asistencia a Mesa de Contratación das obras do PCP 2007, da funcionaria dona Mercedes Pereiras como Secretaria. Importe 37,40 euros

Indemnización, por asistencias a Tribunal prazas de monitor deportivo e monitores de tempo libre para campo de traballo, dos seguintes Sres:

D. José A. Sánchez de la Fuente.....	39,78 euros
D. Miguel Sánchez Ortiz.....	36,72 euros
D ^a . Graciela Gestoso Vázquez.....	36,72 euros
D ^a . Vanessa Crespo Souto.....	73,44 euros
D ^a . Cruz Vilas Giadanes.....	36,72 euros
D. Iván García García.....	36,72 euros

Dª. Mercedes Pereiras Caldelas..... 79,56 euros

Minuta de procurador Regueiro y Piccoli, S.C. por dereitos e suplidos devengados no xuízo verbal 114/2004. Importe 95,53 euros

Factura de Gruta do Matelo por comida con responsables dos redactores do PXOM. Importe 82,50 euros

Gastos de entrada ó Pazo de Ortigueira dos nenos da ludoteca. Importe 35,00 euros

Factura num. 20 de Patricia Deber Muíños do mes de xullo. Importe 1.283,74 euros

Factura num. 22 de Antonio Gago Iglesias do mes de xullo. Importe 1.283,74 euros

Factura num. 1.546/07 de Gráfica de Asturias, S.L por papel de oficio para o Xulgado de Paz. Importe 44,37 euros

Factura num. 704440 de Proel Ascensores, S.L por mantemento ascensor do CPI de Vedra no 3º trimestre. Importe 203,67 euros

Provisión de fondos ó procurador don José Antonio Castro Bugallo para tramitación recursos contenciosos interpostos por particulares contra da aprobación do PXOM. Importe 1.200,00 euros

Factura num. 6277077 de Gestetner por mantemento fotocopiadora da Biblioteca Municipal. Importe 9,52 euros

Factura num. N 9992883 de A.C. Medín, S.A revisión do camión de recollida de lixo. Importe 556,68 euros


Factura num. C070104584 de Correos e Telégrafos, S.A por remisión de documentación en xuño. Importe 537,98 euros

Gastos varios para a ludoteca municipal. Importe 77,72 euros

Recibo de Canal Satélite Digital, S.L por abono Casa de Terceira Idade de xullo. Importe 29,95 euros

Recibo de La Voz de Galicia, S.L por suscripción ó xornal no mes de xuño. Importe 30,00 euros

Recibos de Securitas Direct, S.A por mantemento alarma no mes de xullo. Importe 504,39 euros



Factura de Ferreteria Boel, S.L por copias de claves. Importe 19,00 euros

Taxa por reserva do dominio público radioeléctrico. Importe 100,00 euros

Recarga teléfono móbil e outros gastos para a piscina municipal. Importe 23,15 euros

Gastos revelado fotos varias. Importe 12,54 euros

Gastos diversos para a Oficina de Turismo. Importe 1,20 euros

Factura de dona Genaro Barreiro por vaciado fosa séptica en San Xián. Importe 90,00 euros

Recibo de Editorial Compostela por suscripción ó xornal El Correo Gallego en xullo. Importe 33,00 euros

Gastos de material informático. Importe 12,90 euros

Fatura de Archy por tinta impresoras Protección Civil. Importe 43,00 euros

Gastos de pasaxes en barco de participantes na excursión ás Illas Cies organizado por Servizos Socias e financiado coas achegas dos mesmos. Importe 912,00 euros

Facturas nums. 1443 E 11410 de Copy Estudio, S.L por copias de planos e papel ploter. Importe 55,78 euros

Facturas nums. 70023 e 70024 de Farmacia Jesús Isla Arjones por lubas e material para botiquín. Importe 144,69 euros


Seguro do Nissan Patrol da brigada de obras. Importe 628,97 euros

Factura num. 8.416/A de MRW do mes de xuño. Importe 34,22 euros

Factura num. 01635059 de Adif por alugamento estación de ferrocarril de Santa Cruz. Importe 357,40 euros

Recibo de Correos por reparto do boletín cultural do mes de xullo. Importe 150,00 euros

Factura núm. 702793 de Modurba SL Urbanismo y Contratación, por modelos para o servizo de urbanismo no mes de xullo. Importe 175, 00 euros.



Factura núm. 237-ML de Mardelira, Cofradía de Lira, por gastos de ludoteca con motivo da excursión a Lira no mes de xullo. Importe 160, 54 euros.

Factura núm. 2007177 de Electricidad Cruceiro, SL, por mantemento do alumado público segundo contrato no mes de xuño. Importe 2.164, 65 euros.

Factura núm. 20893915 de Mutua General de Seguros polo seguro de accidentes Prima del seguro de accidentes contratado para persoal dos programas de promoción do emprego. Importe 201, 96 euros.

Factura núm. N7-4643 de Hércules de Ediciones, SL por compra de libros para a Biblioteca de Vedra. Importe 261, 00 euros.

Factura núm. 0000539 de Puente Ulla, SL por gasóleo para tractores no mes de xuño. Importe 1.540,00 euros.

Factura núm. IR-2007-001175193 de Comunitel Global, SAU, TELE 2, por telefonía fixa no mes de xuño. Importe 152, 53 euros.

Factura núm. J95624659 de Jazz Telecom, SAU, Jazztel, pola líña de ADSL durante o mes de xuño. Importe 59, 40 euros.

Factura núm.21857 de Grupo APYDE, U.D.E.S.A., polo alumado público de Caldelas-Ponte Ulla nos meses de maio e xuño. Importe 139, 07 euros.

Factura núm. CI0215281332 de Vodafone España, SA, por telefonía móbil durante o mes de xuño. Importe 1.213, 02 euros.

Facturas de Telefónica de España, SA por telefonía e ADSL durante o mes de xuño. Importe 700, 37 euros.


Factura núm. 07-A/6210 de Sistemas de Seguridade A-1, SL, polo mantemento da alarma da casa do antigo xulgado. Importe 436, 07 euros.

Recibo de Genaro Barreiro por vaciado de fosa séptica en San Xán de Sales. Importe 90 ,00 euros.

Facturas núm. 233 e 269 de Viajes Peillet, SL polo servizo de autobuses para a comida da terceira idade, excursión a Malpica e sardiñada. Importe 984, 40 euros.

Factura núm. 270 de Viajes Peillet, SL polos servizos ó centro médico no mes de xuño. Importe 1027,20 euros.

Factura núm. 271 de Viajes Peillet, SL polos servizos para a ludoteca no mes de xuño. Importe 331, 70 euros.



Factura núm. 272 de Viajes Peillet, SL polo servizo realizado para a educación de adultos no mes de xuño. Importe 107, 00 euros.

Factura núm. 706/9 de Servicio a la Construcción FPV seguridad e higiene por compra de roupa de traballo no mes de xuño. Importe 1.069, 05 euros.

Factura núm. A 646 de Limpiezas Salgado, por materiais de limpeza no mes de xuño. Importe 18, 79 euros.

Factura núm. 260/07 de Empresa Seoane, S.L por bonobus no mes de xuño. Importe 52, 02 euros.

Factura num. 261/07 de Empresa Seoane, S.L por bonobús terceira idade do mes de xuño. Importe 329,92 euros

Factura núm. 000147 de Manuel Gamallo y Otro, SC por compra de materiais para as obras municipais no mes de xuño. Importe 1.406,56 euros.

Factura núm. P 706.449 de Editorial Compostela, SA por publicación de anuncio para contratación de obras do Plan de Cooperación Provincial, a repercutirille ós licitadores adxudicatarios das mesmas. Importe 222, 72 euros.

Factura núm. K036 de Aquacenit, ocio y deporte, por compra de materiais para o mantemento da piscina. Importe 1.045, 94 euros.

Factura núm. 270.869 de Artes Gráficas Litonor, SA por impresos para a programación da 3ª idade do 3º trimestre. Importe 839, 84 euros.


Factura núm. 700595 de SAPA Contenedores y Servicios, SL por aluguer de colectores para o depósito de chatarra no mes de xuño. Importe 105,01 euros.

Factura núm. A/186 de Manuel Botana Granja, Ferrería Botana, por compras varias no mes de xullo. Importe 196, 60 euros.

Factura núm. N-00002937 de Reciclajes Aragoneses, SL (REASA) por retirada monomaterial no mes de xuño. Importe 242,76 euros.

Factura núm. 13731 de Thalia Salud y Prevención, SL polo convenio para o servizo de prevención no 3º trimestre. Importe 522, 00 euros.

Factura núm. 2007/2069 de SOGAMA, polo tratamento de residuos sólidos urbanos no mes de xuño. Importe 7.077, 71 euros.



Factura núm. F0114085 de Quimisol, SA por materiais para o servizo de limpeza no mes de xullo. Importe 508, 54 euros.

Factura núm. 2.007.033 de Topodex Galicia, SL por traballos de replanteo en camiño de Muiños-San Mamede. Importe 464, 00 euros.

Factura núm. 000009 de Rosa María Pérez Sande, Librería Avenida, por compras varias para a casa da 3ª idade, ludoteca e servizos sociais. Importe 349, 66 euros.

Factura núm. 000008 de Rosa María Pérez Sande, Librería Avenida, por compras para Teatrosfilia-Asociación Papaventos. Importe 58, 97 euros.

Factura núm. 000010 de Rosa María Pérez Sande, Librería Avenida, por compras para o curso de inglés e para as oficinas. Importe 110,40 euros.

Factura núm. 000011 de Rosa María Pérez Sande, Librería Avenida, por compras para a piscina e as actividades deportivas. Importe 376,15 euros.

Facturas núm. 7/339 e 7/336 de MAPOCA, SL por materias para as obras da piscina municipal e igrexa de Trobe. Importe 961,62 euros.

Factura núm. F/50 de Castromil, SA polos bonobus correspondentes ao mes de xuño. Importe 98, 60 euros.

Factura núm. 25/07 de Ancestral Servicios Musicales, SL por actuación do grupo Bulla Timpánica en San Mamede de Ribadulla no mes de xuño, incluída nos convenio de Deputación. Importe 1.202,00 euros.

Factura núm. 270.922 de Artes Gráficas Litonor, SA por impresión do boletín cultural do mes de xullo. Importe 124, 80 euros.

Factura núm. 270.944 de Artes Gráficas Litonor, SA por impresión dos carteis do programa das actividades da 3ª idade do 3º trimestre. Importe 211, 12 euros.

Factura núm. 270.943 de Artes Gráficas Litonor, SA por carteis e trípticos para o 1º día da bicicleta de Vedra. Importe 464, 00 euros.

Facturas núm. 4540, 4543, 4545, 4544, 4541 e 4536 de Antonio Mosteiro Torres, Talleres Mosteiro por arranxos no Patrol de Protección Civil e no Camión nos meses de xaneiro a abril. Importe 1.679, 36 euros.

Facturas núm. 0000534, 0000535, 0000536, 0000537 e 0000538 de Puente Ulla, SL por combustibles no mes de xuño. Importe 1.408,15 euros.

A Xunta de Goberno acorda aprobar as citadas facturas.

4º.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.-Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de xullo do ano que andamos, pola que se acorda concertar unha operación de tesourería coa entidade financeira Banco Gallego, S.A consistente na contratación dunha póliza de crédito por importe de cento cincuenta mil (#150.000,00#) euros para atender ó pago das nóminas dos novos traballadores contratados a través do programa de Cooperación

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.2.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte de xullo do ano que andamos, pola que se nomea novo alcalde pedáneo da parroquia de Vedra a don Joaquín Cerdeira Parada, por falecemento do anterior don Antonio R. González López

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.3.- Dáse conta de Resolucións da Alcaldía de data vinte e catro, vinte e seis e trinta de xullo, pola que se autoriza o disparo de fogos de artificio os días 1, 2, e 3, de agosto, (San Fins de Sales), 28 de xullo (Sobredo -Vilanova), 7, 8, e 9 (San Mamede) e 9, 10 e 11 de agosto (San Miguel de Sarandón).

A Xunta de Goberno dáse por enterada

4.4.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data trinta de xullo do ano que andamos, pola que se lle autoriza o corte de tráfico en estradas municipais os días 1,2 e 3 de agosto á Asociación de Festexos Afesa de San Fins de Sales, con motivo da celebración das festas parroquiais.

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5º.- Outros Asuntos

Non se presentaron

Conclúe ó fio das vinte e tres horas e cinco minutos

